



**XUNTA DE GALICIA**

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
Normalización Lingüística

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º  
36003 PONTEVEDRA  
Tel.: 986 805971 Fax: 986 805045  
sxp.l.pontevedra@xunta.es

## REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 16 de novembro de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anúnciase a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2017/2018 (ED101C) (DOG Núm. 226, Martes 28 de novembro de 2017).

A base quinta da convocatoria establece que as solicitudes que se presenten deberán formalizarse no modelo ED101C debidamente cuberto e asinado, acompañado da documentación que se sinala na base sexta, na forma e prazos indicados.

O gabinete provincial de Normalización Lingüística de Pontevedra, órgano encargado da instrución do procedemento ao abeiro da base oitava da orde de convocatoria, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada polos centros.

De conformidade co disposto na referida base, no caso de estaren incompletas as solicitudes, conteren erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria, requirirase os/as persoas solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición e se arquivará o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na devandita orde indícase que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 45,1.b) da Lei 39/2015, os requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>

Polo exposto, acórdase

1. Publicar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>, a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Esta relación xúntase como Anexo desta publicación, con especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitude.
2. Facer indicación expresa a todos os centros solicitantes relacionados no Anexo de que son requiridos para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste requirimento na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, <http://www.lingua.gal>, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece neste requirimento. De non o facer, considerárase que desisten da súa petición, e arquivárase o seu expediente logo da resolución que se ditará nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa do Gabinete de Normalización Lingüística  
María José Blanco Gómez






**XUNTA DE GALICIA**

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
Normalización Lingüística

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º  
36003 PONTEVEDRA  
Tel.: 986 805971 Fax: 986 805045  
sxpl.pontevedra@xunta.es



## ANEXO

### Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Expediente	Concello	Centro	NIF	ANEXO I Solicitude	ANEXO II Cadro Resumo das actividades	PROXECTO (Base 6.1)
POPU273	CAMBADOS	CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO	Q8655172H	-	- CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEN ASINAR	- FALTA SINATURA DO DIRECTOR E DA COORDINADORA
POPU308	FORNELOS DE MONTES	CEIP DR. SUÁREZ	Q8655018C	- ANEXO I SEN ASINAR	- CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES INCOMPLETO	-
POPU044	GUARDA (A)	IES A SANGRIÑA	Q8655269B	- PRESENTA SOLICITUDE DOUTRO PROCEDEMENTO	- PRESENTA SOLICITUDE DOUTRO PROCEDEMENTO  - SOLICITAN MATERIAL INVENTARIABLE  - CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEN ASINAR	- FALTA SINATURA DO DIRECTOR
POPU195	MARÍN	CEIP CARBALLAL	Q8655302A	-	- SOLICITAN MATERIAL INVENTARIABLE	-
POPU327	MEAÑO	CEIP PLURILINGÜE DE MEAÑO "AS COVAS"	Q8655067J	-	- FALTA CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES	-






**XUNTA DE GALICIA**

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
Normalización Lingüística

Avda. Fernández Ladrea 43 - 8º  
36003 PONTEVEDRA  
Tel.: 986 805971 Fax: 986 805045  
sxpl.pontevedra@xunta.es



POPU088	MOAÑA	CEIP DE QUINTELA	Q8655510I	- PRESENTA SOLICITUDE DOUTRO PROCEDEMENTO	- PRESENTA SOLICITUDE DOUTRO PROCEDEMENTO - MAL TEMPORIZACIÓN	-
POPU176	OIA	CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA	Q8655426H	-	- MAL – TEMPORIZACIÓN	-
POPU257	PONTEVEDRA	CPI JULIA BECERRA MALVAR	Q8655314F	-	- MAL – TEMPORIZACIÓN	-
POPU190	VILANOVA DE AROUSA	IES FARO DAS LÚAS	S3600015F	- RATIFICACIÓN EXPRESA DA SINATURA POLO DIRECTOR	- RATIFICACIÓN EXPRESA DA SINATURA POLO DIRECTOR	- RATIFICACIÓN EXPRESA DA SINATURA POLO DIRECTOR

A xefa do Gabinete de Normalización Lingüística  
María José Blanco Gómez

